

## Resumo dos resultados das enquisas de satisfacción realizadas en 2019.

As enquisas representan un dos mecanismos máis directos cos que conta o Parque para coñecer as necesidades dos seus clientes, para obter información sobre os cambios nas súas preferencias, as súas inquietudes e a súa opinión sobre a oferta de servizos de Tecnópole.

Polo tanto, o seu obxectivo é detectar os puntos críticos sinalados polas empresas clientas, emprender as accións correctivas que sexan necesarias e establecer servizos deseñados á súa medida para conseguir unha mellora continua e un maior grao de satisfacción.

As enquisas realízanse de forma presencial obténdose unha resposta do 96% por parte das empresas.

Nesta enquisa recóllense tres tipos de información:

### **Datos cuantitativos.**

- facturación no ano 2018: 311 millóns de euros (en 2017 foron 244 M)
- empregados traballando na Tecnópole de forma continua: 1551 (en 2017 foron 1432)
- porcentaxe de mulleres: 46%
- porcentaxe de persoal con titulación (superior / media): 87 %
- idade media do persoal empregado: 37 anos
- o 34% das empresas enquisadas di ter introducido novos produtos ou servizos
- o 44% das empresas enquisadas comercializa os seus produtos no exterior

### **Valoración dos servizos e actividades realizadas por PTG, S.A.**

As valoracións que alcanzaron puntuacións próximas ao máximo foron para o servizo de recepción, actividades de divulgación e o trato e atención do persoal. E só uns poucos servizos obtiveron unha puntuación máis inferior ao resto, que serían instalacións, telefonía e internet.

---

### Suxestións de mellora e aspectos máis valorados

Os aspectos máis valorados polas entidades instaladas seguen sendo como en anos anteriores: a situación estratéxica, as relacións con outras empresas e a imaxe que lles proporciona Tecnópole. Aspectos seguidos moi de cerca polas instalacións, a seguridade do recinto e a atención prestada polo persoal.

Cando se lles pregunta directamente polos servizos que botan en falta na Tecnópole, hai un 59% dos enquisados que non responde, e entre as respostas que máis se repiten son as seguintes: gardería e servizo de recollida selectiva de residuos.

Na gráfica seguinte queda reflectido o nivel medio de satisfacción das empresas segundo as distintas situacións dentro do Parque sobre unha puntuación máxima de cinco.

